

COLA DA VIDA

Educación, valores e cidadanía

14.02.2009

JOSÉ MANUEL SUÁREZ SANDOMINGO

Se o home é un ser social pola súa necesidade de que os demais o coiden, o alimenten e lle queiran desde os seus primeiros instantes de vida; e, ademais, é un animal político, xa que participa no desenvolvemento da súa sociedade coas súas ideas e as súas potencialidades; entón necesitará ser educado para ser un bo ser social e mellorar a súa sociedade.

Ata aquí, con certeza, todos estamos de acordo. Pero para conseguir esta finalidade hai que establecer como se ten que proceder. A Loxse introduciu o concepto de ensinanzas transversais (educación para a saúde, educación vial, respecto ao medio natural, educación non sexista, tolerancia e respecto ás diferenzas, etc.). Queríase conformar unha educación en valores imbricándoas en todas as materias do currículo, pero sen que fosen materias avaliábeles. Isto parecía posible, pero foi moi difícil de sacar adiante. O principal impedimento estribou en que unha cousa é interpretar unha materia desde valores democráticos e outra moi distinta é concienciar os alumnos deses valores coa plenitude que estes merecen. Para acadar este segundo fin é necesario dedicarlles tempo e espazo. E só converténdooos en conceptos transversais en conceptos visibles e vividos se pode falar de aprendizaxe destes.

Os cidadáns non somos só coñecementos, senón tamén cultura social, isto é, crenzas, costumes e prácticas creadas polos seres humanos, que como diría Durkheim, deben ser transmitidas ás novas xeracións polas adultas a fin de consolidar e perpetuar a sociedade.

A educación para a cidadanía trata de conseguir os obxectivos nomeados. Con todo, a algúns parécelles que quere substituír a materia de Relixión, por tocar elementos que xa estaban nesta, o que provoca a ira dos seus postulantes, namentres que outros a consideran un simulacro do que antes foi a Formación do Espírito Nacional e, polo tanto, ideoloxizante, e non precisamente nos conceptos daquela, senón nos valores socialistas. Nin o un nin o outro. Coa materia de EpC trátase de ensinarlles aos mozos a vivir nuns contextos sociais e culturais determinados dos que eles son parte e, como tal parte, deben ser conscientes da responsabilidade que adoptan nos seus cambios e nas súas consecuencias.